



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN SQM-Galicia

(Asociación de Afectadas de Sensibilidad Química Múltiple de Galicia)

CAPITULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1.- Coa denominación de **SQM-Galicia (Asociación de Afectadas de Sensibilidad Química Múltiple de Galicia)**, constitúese por tempo indefinido na Comunidade Autónoma de Galicia unha asociación sen ánimo de lucro ao amparo da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

A Sensibilidade Química Múltiple é unha enfermidade de carácter crónico e discapacitante, en distintos graos, para as persoas afectadas.

Artigo 2. A asociación ten os seguintes fins:

- 2.1 Apoiar ás persoas enfermas da Síndrome de Sensibilidad Química Múltiple (en diante SQM) e enfermidades afins, así como ás súas familias, ofrecéndolle información e prestándolle a orientación necesaria en materia de atención médica-sanitaria e xurídico-laboral.
- 2.2 Defender os dereitos das persoas enfermas afectadas por SQM.
- 2.3 Facilitar o coñecemento e encontro entre as persoas enfermas a través de actividades de interese común, así como servir de apoio emocional ás afectadas, especialmente nos momentos más duros da enfermidade.
- 2.4 Sensibilizar á poboación xeral, acerca da existencia da SQM, as discapacidades que pode producir e a súa problemática asociada.

Artigo 3. Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

- 3.1 Recomilar e distribuír entre as persoas enfermas, familiares e a sociedade en xeral, a información sobre esta enfermidade, os seus avances e a problemática asociada á mesma.



- 3.2 Promover e colaborar en investigacións sobre a SQM que permitan o mellor coñecemento da etioloxía desta enfermidade e o seu tratamento.
- 3.3 Promover a investigación científica das causas e os efectos dos distintos axentes ambientais, tanto químicos (p.e. disruptores neuro-endócrinos) como electromagnéticos sobre a saúde das persoas, así como a súa relación coa etiopatoxenia e o curso clínico da SQM.
- 3.4 Difundir a problemática das persoas afectadas de SQM ante a opinión pública e os riscos dos distintos estresores ambientais (especialmente, químicos e electromagnéticos) para a saúde da poboación xeral.
- 3.5 Reivindicar o acceso ao Sistema Público de Saúde en condicións equitativas de atención, diagnóstico e tratamiento, instando os organismos competentes á creación dunha unidade multidisciplinar, equiparable á existente noutras provincias e países da nosa contorna, cos protocolos mínimos coñecidos, que garantan a boa atención sanitaria e a equidade respecto doutras enfermidades de carácter crónico.
- 3.6 Traballar pola elaboración de protocolos que garантan o recoñecemento dos dereitos sociais ante a Administración da Seguridade Social das persoas afectadas por esta enfermidade.
- 3.7 Promover o estudo xurídico dos efectos sociolaborais desta patoloxía.
- 3.8 Alcanzar a valoración da devandita patoloxía nos certificados de minusvalía, así como o recoñecemento das discapacidades por esta causa.
- 3.9 Promover relacóns de colaboración con entidades e institucións coa mesma finalidade que SQM-Galicia. Establecer convenios de colaboración coas mesmas e de prestación de servizos con aquelas, dos que poidan derivarse beneficios para as persoas asociadas.
- 3.10 Organizar charlas, conferencias, congresos, xornadas e/ou calquera outro medio para promover o coñecemento da devandito síndrome tanto polas persoas enfermas e as súas familias como polo persoal sociosanitario e a poboación xeral.

Artigo 4. O Domicilio Social.

A Asociación establece o seu domicilio social na rúa Trasouto, nº 43A, C. P. 36939, Bueu, Pontevedra, podendo, por acordo da Xunta Directiva, ser fixado en calquera outro local, comunicándoo aos órganos correspondentes. O ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é o autonómico.

Se é necesario, abriranse delegacións para optimizar o funcionamento da Asociación.

Os presentes Estatutos serán cumplidos mediante os acordos que validamente adopten a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dentro das súas respectivas competencias.



CAPITULO II

ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN

Artigo 5. A Xunta Directiva.

5.1 É o órgano de dirección, administración e representación da Asociación cuxas facultades se estenderán, con carácter xeral, a todos os actos propios do cumprimento dos fins da Asociación sempre que non requirán, conforme aos Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

5.2 A Xunta Directiva estará formada por un mínimo de tres persoas cos cargos de Presidencia, Secretaría e Tesourería , e un máximo de nove. Poderá haber máis dunha Vicepresidenta ou Vicepresidente, e o resto, se houbese, serían Vogais. Cargos todos eles que deberán recaer en persoas socias activas (aqueles que, satisfacendo regularmente as súas cotas de socias e cumplindo co resto de obrigacións estatutarias, acudan de forma habitual ás asembleas xerais e participan de maneira habitual nas diferentes actividades e/ou grupos de traballo), e que deberán ser exercidos por persoas diferentes. Estes cargos son gratuitos.

Artigo 6. Sistema de Elección da Xunta Directiva.

Co fin de facilitar a representación e participación das persoas socias, tanto na xestión da Asociación como nos seus Órganos de Goberno, o sistema de eleccións velará porque todas elas teñan esta posibilidade, formando unha Xunta Directiva integradora.

6.1 Unha vez cada tres anos, a Xunta Directiva deberá convocar eleccións á propia Xunta Directiva, mediante comunicación enviada a cada persoa socia, cun mínimo dun mes de antelación á data das eleccións.

6.2 A elección da Xunta Directiva da Asociación realizarase a lista única aberta, entre todas as persoas socias que desexen presentarse.

6.3 Excepcionalmente persoas Socias Colaboradoras activas poderán ser elixidas pola Asemblea para formar parte da Xunta Directiva.

6.4 Unha vez realizada esta comunicación datada, todos as persoas socias anteriormente referidas, disporán de dúas semanas para propoñerse como candidatas á Xunta Directiva mediante nota á Secretaría da Asociación.

6.5 Coa lista que recolla as persoas candidatas, celebraranse as eleccións onde cada asociada poderá votar a un máximo de catro candidatas da citada lista, non podendo cada asociada outorgar máis dun voto por candidata.



6.6 Serán cargos da Xunta Directiva de forma automática, aquelas persoas candidatas que obteñan máis votos, ata as nove posibles.

6.7 As persoas elixidas entran en funcións despois de aceptar o cargo.

6.8 O nomeamento e cesamento dos cargos serán certificados polo Secretario ou Secretaria saínte, coa aprobación da Presidenta ou Presidente saínte, e deberán comunicarse ao Rexistro de Asociacións.

Artigo 7.- Sistema de elección dos cargos da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva elixida terá un prazo de dúas semanas despois das eleccións para nomear os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería da mesma mediante un sistema de elección interna, no que cada persoa candidata elixida votará con tantos votos como os obtidos coa súa candidatura nas eleccións recentemente celebradas.

Artigo 8. Funcionamento interno da Xunta Directiva.

8.1 Os membros da Xunta Directiva exercerán o seu cargo durante un período de tres anos.

8.2 O cesamento dos cargos antes de extinguirse o termo regulamentario do seu mandato pode ocorrer por:

8.2.1 Dimisión voluntaria, comunicada por escrito, con polo menos trinta días de antelación, no cal se expoñan os motivos.

8.2.2 Agravamento da enfermidade que incapacite para exercer o cargo.

8.2.3 Baixa como membro da Asociación.

8.2.4 Sanción por falta cometida no ejercicio do cargo.

8.3 As vacantes que se produzcan na Xunta Directiva deberán cubrirse na seguinte reunión da Asemblea Xeral. Mientras tanto, un membro da asociación pode ocupar provisionalmente o cargo vacante.

8.4 A Xunta Directiva convocada previamente pola presidencia ou pola persoa que o/a substitúa, deberá reunirse en sesión ordinaria, polo menos, unha vez cada trimestre

8.5 A reunión en sesión extraordinaria da Xunta Directiva da Asociación producirase cando a convoque con este carácter a presidencia a ou ben o soliciten dous terzos dos membros que a componen.



8.6 A Xunta Directiva queda constituída validamente se estivo convocada con tres días de antelación e hai quórum da metade máis un.

8.7 Tódalas persoas da Xunta Directiva están obrigadas a asistir a todas as reunións que se convoquen, podendo escusarse por causas debidamente xustificadas. Sempre será necesaria a asistencia da presidencia ou da secretaría (ou persoas que as substitúan).

8.8 A Xunta Directiva toma os acordos por maioría simple de votos das persoas asistentes.

8.9 Os acordos da Xunta Directiva deberán facerse constar no libro de Actas serán asinados pola secretaría e a presidencia. Ao comezo de cada reunión, lerase a acta da sesión anterior para a súa aprobación, ou rectificación, no seu caso.

Artigo 9. Funcións da Xunta Directiva.

A Xunta Directiva ten as facultades seguintes:

9.1 Representar, dirixir e administrar a Asociación da maneira más ampla que recoñeza a lei; así mesmo, cumplir as decisións tomadas pola Asemblea Xeral, de acordo coas normas, instrucións e directrices que esta estableza.

9.2 Adoptar os acordos que sexan necesarios en relación coa comparecencia diante dos organismos públicos e privados e, se é necesario, exercer todo tipo de accións legais e interpor os recursos correspondentes.

9.3 Propor á Asemblea Xeral o establecemento das cotas que as persoas socias deberán satisfacer.

9.4 Convocar á Asemblea Xeral e controlar que se cumpran os acordos que se adopten.

9.5 Presentar á Asemblea Xeral para que os apruebe: o balance, o estado de contas de cada exercicio e o orzamento que confeccionen para o exercicio seguinte.

9.6 Contratar ao persoal que a Asociación puidese precisar, así como servizos de asesoramento médico, xurídico, contable ou calquera outro de similar natureza.

9.7 Levar a cabo a contabilidade e vixiar o bo funcionamento dos servizos.

9.8 Establecer grupos de traballo para conseguir da maneira más eficiente e eficaz os fins da Asociación, e autorizar os actos que estes grupos se propoñan levar a cabo.

9.9 Designar responsables de cada grupo de traballo.

9.10 Levar a termo as xestións necesarias diante de organismos públicos, entidades e outras persoas, para conseguir subvencións ou outro tipo de axudas e o uso de locais ou



edificios que poidan chegar a ser un lugar de convivencia e comunicación e tamén un centro de recuperación cidadá.

9.11 Resolver provisionalmente calquera caso que non previsen os estatutos e que precise de solución inmediata, sen prexuízo de dar conta na primeira reunión da Asemblea Xeral.

Artigo 10. Delegación de funcións da Xunta Directiva.

10.1 A Xunta Directiva pode delegar algunas das súas facultades nunha ou diversas comisións ou grupos de traballo a condición de que conte co voto favorable de dous terzos dos seus membros.

10.2 Tamén pode nomear, co mesmo quórum, un ou varios mandatarios ou mandatarias, para exercer a función que lles confíe, coas facultades que crea oportuno conferirles en cada caso.

Artigo 11. Funcións da Presidencia

Son propias da Presidencia as seguintes funcións:

11.1 Dirixir e representar legalmente á Asociación, por delegación da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

11.2 Presidir e dirixir os debates, tanto da Asemblea Xeral, como da Xunta Directiva

11.3 Emitir un voto de calidade decisoria nos casos de empate.

11.4 Establecer a convocatoria das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

11.5 Ordenar os pagos e autorizar coa súa firma as actas e certificados confeccionados pola secretaría da Asociación.

11.6 Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación recomende, resulte imprescindible ou conveniente para o desenvolvemento das súas actividades, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva ou á Asemblea, segundo proceda.

11.7 Realizar un seguimento dos acordos tomados nas reunións de Asembleas e Xuntas Directivas, podendo delegar devandito seguimento en persoas socias voluntarias.

Artigo 12. Funcións da Vicepresidencia



Unha das persoas que ostenten a vicepresidencia substituirá ao presidente ou presidenta en ausencia desta, motivada por enfermidade, incomunicación ou calquera outro motivo, e terá as mesmas atribucións que a mesma.

Artigo 13. Funcións do Tesourería

A función da tesourería é a custodia e o control dos recursos da Asociación, como tamén a elaboración do orzamento, o balance (no seu caso) e a liquidación de contas. Dá curso ás ordes de pago aprobadas pola Xunta Directiva, que deberán estar visadas previamente pola Presidencia.

Artigo 14. Funcións da Secretaría.

Son funcións da Secretaría a custodia da documentación da Asociación, levantar, redactar e asinar as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, redactar e autorizar os certificados que teña que emitir e tamén levar un ficheiro do rexistro de persoas socias.

Artigo 15. Vogais.

Corresponde ás e ós Vogais asistir con voz e voto ás reunións da Xunta Directiva e cantas outras sexan requiridos, executar as funcións que lle encomende a Xunta Directiva e substituír á Secretaría ou Tesourería, en casos de ausencia, agravamento da enfermidade ou vacante.

CAPITULO III

ASEMBLEA XERAL

Artigo 16. A Asemblea Xeral de Socios e Socias.

A Asemblea Xeral é o órgano supremo e soberano da Asociación, integrado por todas as persoas asociadas, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna. Reunirse, polo menos unha vez, no primeiro trimestre de cada ano.

A Presidencia e a Secretaría ocuparán os devanditos cargos na Xunta Directiva. Todas as persoas socias quedan suxeitas aos acordos da Asemblea Xeral, incluíndo as ausentes, as que discrepen do acordado por maioría, e as presentes que se abstiveron de votar.



Artigo 17. Competencias da Asemblea Xeral.

Son competencias da Asemblea Xeral de Socios e Socias.

- 17.1 Modificar e reformar os Estatutos e os Regulamentos de Réxime Interior (se os houber).
- 17.2 Estudo e aprobación, no seu caso, da memoria anual de actividades desenvolvidas durante o ano anterior.
- 17.3 Aprobar, no seu caso, a xestión do informe da Xunta Directiva dos proxectos para o ano en curso.
- 17.4 Aprobar o balance de contas do ano anterior.
- 17.5 Aprobar o orzamento para o ano en curso.
- 17.6 Establecer as liñas xerais e os obxectivos prioritarios que permita á asociación cumplir os seus fins.
- 17.7 Establecer grupos de traballo ou confirmar os establecidos pola Xunta Directiva.
- 17.8 Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
- 17.9 Calquera outro asunto previa solicitude subscrita por un mínimo do trinta por cento de persoas asociadas.
- 17.10 Escolher a Xunta Directiva, en base ao estipulado no artigo 6 dos presentes Estatutos.

Artigo 18. Asemblea Xeral Extraordinaria.

O órgano de goberno pode convocar a Asemblea Xeral con carácter extraordinario cantas veces estime conveniente, e necesariamente cando o solicite un número de persoas socias non inferior ao trinta por cento. Neste caso, a Asemblea terá lugar dentro do termo de trinta días a contar dende a data de recepción da solicitude.

En todo caso, convocarase Asemblea Xeral Extraordinaria, co mesmo sistema de convocatoria que a Ordinaria, para:

- 18.1 Modificar e reformar os Estatutos e os Regulamentos de Réxime Interior.
- 18.2 Aprobar a posible incorporación ou separación con outras asociacións.
- 18.3 Acordar a disolución da Asociación.



18.4 Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.

18.5 Calquera outro asunto previa solicitud subscrita por un mínimo do trinta por cento de persoas socias.

Artigo 19. Convocatoria da Asemblea Xeral.

19.1 A Asemblea será convocada pola Xunta Directiva mediante convocatoria, que deberá conter, como mínimo, a orde do día, o lugar, a data e a hora da reunión. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea Xeral en primeira convocatoria deberán transcorrer polo menos 15 días, podendo facerse constar a data na que, se procede, se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a 24 horas.

19.2 A convocatoria deberá comunicarse a todas as persoas socias de modo individual.

19.3 As reunións da Asemblea Xeral, diríxelas a persoa que ostente a Presidencia da Asociación. En caso de ausencia, será substituída, sucesivamente, pola persoa da Vicepresidencia ou Vogal de máis idade da Xunta Directiva, actuando na Secretaría quen ocupe o mesmo cargo na Xunta Directiva.

19.4 A secretaría redactará a acta de cada reunión, que deberá ser asinada pola mesma, así coma pola presidencia. A acta recollerá un extracto das deliberacións, o texto dos acordos adoptados, o resultado numérico das votacións e a lista das persoas asistentes, que se transcribirá ao Libro de Actas da Asociación. Ao comezo de cada reunión da Asemblea Xeral lerase a acta da sesión anterior a fin de que leve a cabo a súa discusión e, no seu caso, aprobación. Cinco días antes da celebración da Asemblea a acta e calquera outra documentación estará a disposición das persoas socias no local social. No caso de ausencia, será substituída pola persoa vogal de máis idade da Xunta Directiva que non estea a exercer outra substitución debido a outra ausencia concorrente.

Artigo 20. Constitución da Asemblea.

20.1 A Asemblea Xeral constituirase validamente, en primeira convocatoria, cando concorran a ela, presentes ou representadas, un terzo das persoas socias, e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de persoas socias que acudisen (personalmente ou por delegación). En todo caso, sempre será necesaria a asistencia como mínimo dun terzo de persoas socias con dereito a voto.

20.2 Calquera persoa socia pode solicitar ao órgano de goberno a inclusión na orde do día dun ou máis asuntos a tratar na seguinte Asemblea e, se esta xa foi convocada, sempre que o fagan dentro o primeiro terzo do período comprendido entre a recepción

da convocatoria e a data de celebración daquela. A solicitude tamén poderá facerse directamente na Asemblea, que decidirá o que considere conveniente, pero únicamente pode adoptar acordos respecto dos puntos incluídos na orde do día.

Artigo 21. Dos votos na Asemblea xeral.

21.1 Nas reunións da Asemblea Xeral, corresponderá un voto a cada membro da Asociación con derecho a el. Serán válidas as representacións sempre que se realicen por escrito.

21.2 Os acordos tómanse por maioría simple de votos das persoas socias presentes ou representadas.

21.3 No entanto, será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes das persoas socias presentes ou representadas, para adoptar acordos sobre separación dos membros da Asociación, modificación dos Estatutos, disolución da Asociación, constitución dunha federación con asociacións similares ou integración nunha xa existente e solicitude de declaración de utilidade pública.

CAPITULO IV

PERSOAS SOCIAS

Artigo 22. Membros da asociación

22.1 Poderán formar parte da Asociación tanto as persoas afectadas por estas enfermidades, como calquera outra persoa que dalgún xeito estea comprometida con elas.

A estes efectos, poden distinguirse tres clases de persoas socias, establecéndose a figura do/a simpatizante:

I) **SOCIOS E SOCIAS AFECTADAS:** Serán as persoas afectadas pola Síndrome de Sensibilidade Química Múltiple (SQM), maiores de idade e con capacidade de obrar. Terán derecho a voz e voto e realizarán unha colaboración económica periódica. Igualmente, terán o derecho de elixir e ser elixidas como membros da Xunta Directiva da Asociación. Poderán igualmente asociarse as persoas menores de idade afectadas de SQM, previa autorización dos representantes legais, quen exercerán os dereitos que os presentes estatutos outorgan ás persoas socias afectadas e serán garantes do cumprimento das obrigacións dos mesmos.



II) SOCIOS E SOCIAS COLABORADORAS: Ostentarán esta condición, as persoas que manifestan o seu compromiso mediante unha colaboración económica periódica e a súa participación activa nos procesos de xestión da asociación. Deberán ser presentados por unha persoa socia diagnosticada. Terán voz na Asemblea, pero voto só nos temas propios das comisións ou grupos de traballo nos que están integrados.

III) SOCIOS E SOCIAS DE HONRA. Aquelas persoa que, polo seu prestixio ou contribución relevante á dignificación e desenvolvemento da Asociación, se fagan acreedoras de tal distinción. O nomeamento de socios e socias de honra, corresponderá á Xunta Directiva por proposta maioritaria da Asemblea Xeral.

SIMPATIZANTES: Será calquera persoa física ou xurídica afectada ou non, que desexe participar co seu apoio económico puntual ou xornal, na mellora dos dereitos das persoas enfermas.

22.2 A persoa física ou xurídica que desexe o ingreso na Asociación deberá presentar unha solicitude por escrito á Xunta Directiva, indicando a clase de persoa socia na que desexa inscribirse. Aprobada a solicitude, a condición de persoa socia será adquirida unha vez que, quen o solicita faga chegar á Asociación o xustificante do ingreso correspondente na conta bancaria que para o efecto se determine.

Artigo 23. Dereitos das persoas socias

Son dereitos dos membros da Asociación:

23.1 Asistir con voz e/ou voto ás reunións da Asemblea Xeral, segundo o tipo de persoa socia que sexa, posto que, unicamente terándereito a voto para a elección dos membros da Xunta Directiva as persoas socias afectadas. As persoas socias colaboradoras terán voto nos asuntos propios da comisión ou grupo de traballo na que estean integradas.

23.2 Elixir e/ou ser elixidas para representar á Asociación, para exercer cargos directivos ou de coordinación, todo iso en función do grao de vinculación que posúa coa asociación.

23.3 Exercer a representación que se lles confira en cada caso.

23.4 Intervir no goberno e as xestións, nos servizos e as actividades da Asociación, de acordo coas normas estatutarias.

23.5 Expor á Asemblea e á Xunta Directiva todo aquilo que considere que poida contribuir a facer máis plena a vida da Asociación e máis eficaz a realización dos seus fins.

23.6 Solicitar e obter explicacións, en todo momento, acerca da administración e a xestión da Xunta Directiva ou da actividade dos mandatarios ou mandatarias da Asociación.

23.7 Ser ouvidas previamente á adopción de medidas disciplinarias.

23.8 Recibir información sobre as actividades da Asociación.

23.9 Facer uso dos servizos comúns de que a Asociación estableza ou teña á súa disposición.

23.10 Formar parte dos grupos de traballo.

23.11 Posuir un exemplar dos estatutos.

23.12 Consultar os libros e outros documentos da Asociación, de conformidade coa regulación establecida para o efecto, e con respecto ao dereito á intimidade de todas as persoas afectadas.

23.13 Recibir un carné acreditativo da súa condición de asociada, unha vez facilite fotografía e datos persoais e realice o pago da cota de socia (tendo en conta as limitacións ou condicionantes propios da natureza da Asociación e que poidan resultar nunha demora na recepción do mesmo).

Artigo 24. Deberes das persoas socias.

Son deberes dos membros da Asociación:

24.1 Compartir os fins da Asociación e colaborar para a consecución dos mesmos.

24.2 Pagar as cotas, derramas e outras achegas que, con arranxo aos Estatutos, poidan corresponder a cada persoa socia.

24.3 Cumprir co resto de obrigacións que resulten das disposicións estatutarias.

24.4 Acatar e cumplir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da Asociación.

24.5 Asistir ás Asembleas Xerais e ás reunións do resto dos órganos da Asociación dos que formen parte, tendo en conta as características e impedimentos propias das persoas enfermas de SQM e actuando de boa fe en base a elas, velando pola saúde do resto de persoas socias e non pondo aos mesmos en situación potencial de agravamento sintomatolóxico ou recaída (PROTOCOLO SQM reflectido no anexo I).

24.6 Velar polo prestixio da Asociación dando conta das anomalías que se observen para mellorar o seu funcionamento.



24.7 Preservar a integridade dos datos de carácter persoal doutras persoas socias ás que puideren ter acceso, en base ao determinado pola LOPD.

24.8 As persoas simpatizantes, carecerán de obrigacións estatutarias, fóra dos puntos 24.1 e 24.5 (protocolo de asistencia no caso de que quixesen asistir a algunha asemblea de forma voluntaria).

24.9 No caso dos socios e socias de honra, as súas obrigacións, veríanse reducidas aos puntos 24.1, 24.4, 24.5 (protocolo de asistencia no caso de que queiran asistir a algunha asemblea de forma voluntaria), 24.6 e 24.7.

Artigo 25. Baixa da asociación.

Son causas para dar de baixa na Asociación:

25.1 A decisión da persoa interesada, que deberá ser comunicada por escrito á Xunta Directiva.

25.2 Incumprir as obrigacións estatutarias.

25.3 Incumprir gravemente algún dos deberes das persoas asociadas, previa notificación da Xunta Directiva, e con dereito a ser ouvido/a no proceso de instrución do correspondente expediente pola Xunta Directiva.

25.4 Para privar da súa condición a calquera persoa socia polo incumprimento dos Estatutos e/ou acordos da Asociación deberá abrirse un expediente pola Xunta Directiva no que se sinalarán as causas da proposta de expulsión. A persoa socia expedientada poderá ser ouvida e terá dereito a presentar un prego de descargo no seu defensa. Á vista do expediente, a Xunta Directiva proporá ou non a expulsión á Asemblea Xeral, quen decidirá sobre a proposta.



CAPITULO V

RÉXIME ECONOMICO, CONTABILIDADE E DOCUMENTACIÓN

Artigo 26. Recursos Económicos, réxime de administración e contabilidade.

26.1 O patrimonio fundacional da Asociación, fíxase en cero euros. Os recursos económicos da Asociación nútrense de:

- As cotas que fixa a Asemblea Xeral para os seus membros.
- As subvencións oficiais ou particulares.
- As doazóns, herdanzas ou legados.
- As rendas do patrimonio mesmo ou ben doutros ingresos que poidan obterse.

26.2 Todas as persoas socias teñen a obrigación de sostela, mediante cotas ou derramas, da maneira e na proporción que determine a Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva. A Asemblea Xeral pode establecer cotas de ingreso ou cotas periódicas.

26.3 A Asociación levará unha contabilidade que lle permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da contabilidade financeira da entidade, así como das actividades realizadas. A contabilidade levará de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación.

26.4 Os beneficios obtido pola Asociación derivados das actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse, exclusivamente, ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre as persoas socias, nin entre os/as cónxuxes ou persoas que convivan con aquelas con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuita a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 27. Exercicio económico.

O exercicio económico coincide co ano natural e queda pechado o 31 de Decembro.

Artigo 28. Representación.

Nas contas correntes ou cadernos de aforro abertas en establecementos de crédito ou de aforro, han de figurar, como mínimo, as firmas da Presidencia e a Tesourería con disponibilidade conjunta.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Artigo 29. Documentación.

A Asociación disporá, ademais, dos libros de contabilidade, dunha relación actualizada de persoas socias, do inventario dos seus bens e de libro das actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

Artigo 30. Tratamento dos datos de carácter persoal.

A Asociación SQM-Galicia informa aos socios e socias simpatizante das finalidades para as que empregará os datos persoais solicitados:

Formularios de Alta de persoas socias e tratamento de datos en base ao LOPD.

Ao cumprimentar e enviar a solicitude de alta como persoa asociada, cada titular acepta e autoriza a SQM-Galicia a utilizar e tratar os datos persoais fornecidos para os fins propios da Asociación, segundo establecen os seus Estatutos. De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal (LOPD) procedeuse á creación dun ficheiro de datos de carácter persoal nos que se recollen aqueles datos necesarios para a correcta comunicación coas persoas socias. A Asociación garante a adopción de medidas oportunas para asegurar o tratamento confidencial dos devanditos datos, e no caso de que unha persoa socia ou simpatizante non estea de acordo co tratamento ou cesión dos seus datos de carácter persoal, pode dirixirse por escrito á persoa responsable e xestora dos ficheiros ou por correo postal ao domicilio social da asociación onde tamén poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

CAPITULO V

DISOLUCIÓN

Artigo 31

A asociación pode ser disolta se o acorda a Asemblea Xeral, convocada con carácter extraordinario expresamente para este fin.

Artigo 32



32.1 Unha vez acordada a disolución, a Asemblea Xeral haberá que tomar as medidas oportunas tanto polo que se refire ao destino dos bens e dereitos da Asociación, como á extinción e a liquidación de calquera operación pendente.

32.2 Facúltase á Asemblea para elixir unha comisión liquidadora sempre que o considere necesario.

32.3 Os membros da Asociación están exentos de responsabilidade persoal. A súa responsabilidade queda limitada a cumplir as obrigacións que eles mesmos contraesen voluntariamente no exercicio da súa responsabilidade,

32.4 O remanente neto que resulte da liquidación débese enviar directamente á entidade pública ou privada sen afán de lucro que, no ámbito territorial ou nacional de actuación da Asociación, se caracterice pola súa actividade benéfica, similar á que se dissolve.

32.5 As funcións de liquidación e de execución dos acordos a que se fai referencia nos apartados anteriores de este mesmo artigo son competencia da Xunta Directiva se a Asemblea Xeral non confire este labor a unha comisión liquidadora especialmente constituída para iso.

José Pérez

VC

Angelica

C. P. G.

Pedro Botana



AO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

Anexo I: Protocolo SQM

Dado o carácter e a natureza intrínseca á Asociación, no presente anexo establecense os protocolos obligatorios para a asistencia ás Asembleas, así como ás reunións da Xunta Directiva aos que fai referencia o artigo 24.5 dos presentes estatutos:

Os e as asistentes ás diferentes reunións (tanto asemblearias, como da Xunta Directiva), deberán seguir as seguintes directrices para acudir ás mesmas:

1. Non desprender aromas ou cheiros procedentes de colonias, locións para despois do afeitado, fragrancias, perfumes, locións e cremas, xampús e acondicionadores de pelo, lacas, desodorizantes, químicos industriais e domésticos, xabóns, cosméticos, ambientadores e desodorizantes, combustión de tubos de escape, fume de cigarro, ou calquera outro produto que poida resultar lesivo para o resto de asistentes.
2. Non utilizar produtos de limpeza da roupa tales como suavizantes, deterxentes, residuos de limpezas en seco, etcétera.
3. No seu lugar, deberanxe usar produtos de aseo e de limpeza carentes de cheiros ou fragrancias e de seguridade comprobada para todas as persoas asociadas (por exemplo, aqueles testados e recomendados por outros colectivos e/ou asociacións de persoas enfermas da mesma índole á nosa), así como roupa lavada con produtos que non desprendan cheiros lesivos ou potencialmente lesivos para as persoas asistentes.

Sen prexuízo do especificado explicitamente nos diferentes puntos dos dous protocolos que constitúen o presente anexo e en base aos principios de respecto e precaución, calquera persoa socia poderá manifestar en confrontamento limpo se, nun determinado momento, percibe como prexudicial ou potencialmente prexudicial para a súa saúde calquera estímulo ambiental químico procedente ou provocado por outra persoa socia, debendo respectar e non pór en cuestión a individualidade propia destas enfermedades e ter en conta dita circunstancia para as sucesivas reunións.